- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos Orff (Carillóns, Metalófonos, Xilófonos) frautas, instrumentos de percusión.
Plataforma Edixgal.
Partituras.
Teclado.
Proxector, canón, ordenador.
Apuntamentos facilitados polo profesor/a. Material de elaboración propia en Edixgal.
Libreta con pentagramas e sen eles.
Pizarra con pentagramas.

Os instrumentos utilizaráanse para facer a práctica instrumental.

Na plataforma Edixgal, incluírase o material e as actividades necesarias para o desenrolo dos diferentes contidos da materia.

As partituras utilizaráanse para facer práctica instrumental, análise musical de melodías e práctica de lectura musical (solfexo). Son arranxos feitos pola profesora para o instrumental Orff.

Co piano, acompañaránse pezas musicais e utilizaráse para facer exercicios de entoación e ditados musicais.

O proxector, canón e ordenador, serán necesarios para visualizar na pantalla da clase, videos que axuden á explicación e reforzo dos contidos e para visualizar os materiais colgados en Edixgal , apuntamentos, partituras para a práctica musical e de lectura musical.

Os apuntamentos, serán a guía por onde teñen que estudar os contidos que se explicarán na clase. Estes apuntamentos están recollidos nun book feito en Moodle pola profesora, no curso Música 2º ESO_Soledad Estévez, na plataforma Edixgal.

A libreta ou folla de pentagramas, utilizarémola para practicar a escritura dos elementos básicos da linguaxe musical

e a libreta sen pentagramas, para facer os exercicios complementarios de cada tema.

E a pizarra con pentagramas, utilizaráse para copiar exercicios con fragmentos de partituras e explicar contidos de linguaxe musical.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial neste 2º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos que o alumnado aprendeu e lembra da etapa da educación primaria, xa que no 1º curso de ESO a asignatura de música non está contemplada na comunidade autónoma de Galicia.

Para dita avaliación inicial utilizaremos a primeira unidade onde facemos un repaso dos parámetros do son e como se representan estes na partitura. Moitas destas cuestións de escritura e linguaxe musical son as que se traballan na educación primaria.

Para dita avaliación inicial presentaremos unha pequena partitura onde o alumnado terá que nomear os símbolos que aparecen nela, así como lela e interpretala coa frauta ou instrumentos de praca.

O profesorado disporá dunha táboa para tomar notas de cada alumna e alumno interpretando a parte instrumental, onde se recollerán items como: a continuidade no pulso, calidade do son, interpretación das figuras musicais, interpretación das notas musicais, interpretación dos matices.

Para comprobar o coñecemento dos signos musicais, na propia partitura que se lles entrega terán que sinalar e nomear os elementos indicados e entregala.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza, o manexo da tecnoloxía, o coñecemento dos instrumentos ou a voz teranse que ir comprobando ao inicio das sucesivas unidades didácticas ao longo do curso, por iso cada unidade sempre comeza cunha actividade introductoria de coñecementos previos sobre os contidos a tratar.

A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	5	5	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	35	50	40	60	40	30	40	40	25	20
Táboa de indicadores	65	50	60	40	60	70	60	60	75	80

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	100
Proba escrita	0	33
Táboa de indicadores	100	67

Criterios de cualificación:

- Proba escrita: 50%. Instrumento de avaliación: proba obxectiva sobre os contidos impartidos durante o trimestre. Dita proba será puntuada de 1 a 10 puntos. O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias. Farase un exame trimestral.

- Práctica vogal/instrumental: 40%. Instrumento de avaliación: proba práctica(rúbrica). Probas de práctica instrumental con instrumentos Orff (láminas) e frauta. Tocaránse unha ou varias pezas en cada avaliación, farase a media arimética da nota obtida nas pezas interpretadas.

Probas de lectura musical (solfeo) e ritmos. Interpretaránse exercicios de lectura rítmico- melódica cada avaliación, farase a media arimética da nota obtida nas pezas interpretadas.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

- Participación, traballo de clase/casa: 10%. Instrumento de avaliación: observación sistemática, diario de clase, lista de cotexo.

A nota de cada avaliación obterase de facer a suma dos tres apartados coas súas porcentaxes correspondentes (50% parte teórica, 40% parte práctica, 10% esforzo diario e rendemento).

O aprobado estará no 5.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

Criterios de recuperación:

1. O Departamento daralle ao alumnado que suspenda a avaliación a oportunidade de facer unha proba de recuperación na seguinte avaliación, e dicir, se suspenden a 1ª avaliación disporán dunha proba para recuperala na 2ª; si suspende a 2ª avaliación terán a mesma opción na terceira; si a avaliación suspenda é a 3ª terá a oportunidade de facer unha proba de recuperación antes da avaliación final.

2. Aqueles alumnos que lles quedase en xuño algunha avaliación suspenda ,despois de facer as xa mencionadas por cada avaliación, terán a opción de facer unha última recuperación previa a avaliación final.

3. Calquera das recuperacións faránse soamente das partes suspendas sexan estas teóricas ou prácticas.

4. A nota da avaliación final de Xuño obterase da media aritmética obtida das tres avaliacións, seleccionando a nota das avaliacións máis alta, sexa esta a da recuperación ou a propia da avaliación. O resultado de dita media ten que dar como resultado 5 como mínimo para superar a materia en dita avaliación ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1. O Departamento ten contemplado a realización de probas para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior.
 2. Repartirase os contidos teóricos mínimos en dúas partes e faránse dous exames ao longo do curso a determinar pola CCP, normalmente adoitan ser o primeiro exame en xaneiro e o segundo en abril. No caso de non aprobar así, faráse tamén un exame final en maio, no cal poderán recuperar os dous exames anteriores ou a parte que teñan suspensa.
 3. Nesas probas os alumnos que teñan a materia pendente de 2ºESO non farán a proba de interpretación instrumental, xa que en 3º ESO, seguirán cursando a materia de música de maneira obrigatoria, e farán exames prácticos de interpretación instrumental e lectura musical, que nos servirán para avaliar esa parte, que contará un 40% da nota final. Sí terán que facer as probas teóricas dos contidos do nivel pendente (neste caso 2º ESO) que contará 60% da nota final.
 - 4- Durante o mes de setembro o xefe/a de Departamento encargaráse de explicarlles ao alumnado de pendentes o plan de traballo para conseguir, cos diferentes exames de recuperación, acadar os obxectivos fixados. A supervisión de este alumnado será en 1ª instancia polo profesor/a que lles imparta clase. Será este quen deberá trasladarlle ao xefe de Dpto. a evolución destes alumnos nas clases (a valoración da parte práctica será a avaliada nas clases de 3º de ESO). Ademais, se os alumnos o requiren, deberá aclarar as dudas que o alumnado coa materia pendente lle expoña.
- O xefe do Departamento encargárase de poñer a disposición deste alumnado o material necesario para preparar as probas teóricas e de poder darlles a coñecer as datas dos exames. O xefe do Dpto. reunírase con este alumnado cando o crea necesario.
- As datas dos exames serán as seguintes: 1ª proba (15 de xaneiro), 2ª proba (8 de abril) e proba de maio (6 de maio).
Lugar de celebración: aula de música. Hora: 12.50

6. Medidas de atención á diversidade

- O Departamento manterase en contacto co Departamento de Orientación para facer seguimento do alumnado con dificultades. O alumnado con diagnóstico concreto se lle aplicarán as recomendacións dos correspondentes protocolos e do Dpto. de orientación.
- Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.
- O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.
- Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.
- Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.
- Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.
- Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:
1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
 2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
 3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
 4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.

5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X			X	X	X		
ET.2 - Creatividade		X				X		
ET.3 - Autonomía		X	X			X		
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X				X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X		X		X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico		X			X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores		X	X			X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X			X				
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual								

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora			
ET.2 - Creatividade	X	X	
ET.3 - Autonomía	X		X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita			

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual			X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente nas unidades 1, 4, 5 e 6 a través dos textos para aprender os contidos teóricos. - Creatividade: traballarase nas unidades 2, 6, 9, 10 e 11 a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación... - Autonomía: traballarase nas unidades 2, 3, 6, 11 e 12 a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal. - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: unidades 2, 6, 7, 8, 9, 10, 12. Actividades que implican creación de proxectos grupais. - Igualdade entre sexos: unidades 2, 4, 6, 7, 8, 9 e 10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas. - Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable. - Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Unidades 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10 e 12. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto. - Expresión oral e escrita: unidades 1 e 4. A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc. - Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 11 e 12 a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia como público a un concerto didáctico	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo. Dependendo da xestión da actividade poderá ser só de escoita ou interactivo(con actividades para o alumnado).	X	X	X

Observacións:

Outras actividades relacionadas coa nosa materia, que xurdan ao longo do curso, as notificaremos a Vicedirección para a súa aprobación e autorización polo Consello Escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

1. O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización.
2. Secuenciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
3. Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
4. Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
5. Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Valoruse axeitadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
12. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
16. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
17. Combínase o traballo individual e en equipo.
18. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
19. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
20. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
21. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
Medidas de atención á diversidade
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
13. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
14. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
15. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
25. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
26. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
27. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
6. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
22. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
23. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

9. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.

24. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumna e alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TICs, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os indicadores de logro anteriores, avalíaranse cunha escala que utiliza os seguintes valores: nunca, poucas veces, frecuentemente, case sempre e sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	36

1. Introducción

Na educación secundaria obrigatoria, coa materia de Música preténdense atinxir os seguintes obxectivos: o primeiro, desenvolver a identidade e a recepción cultural; o segundo e o terceiro contribuír á autoexpresión a través da creación e da interpretación; o cuarto céntrase na produción artística e un quinto obxectivo focalízase especificamente no patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia. O logro destes cinco obxectivos debe realizarse a partir dunha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza.

Os criterios de avaliación da materia fórmulanse como ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias atendendo aos seus compoñentes cognitivo, procedemental e actitudinal.

Pola súa parte, os contidos articúlanse en tres bloques e integran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para a consecución dos obxectivos da materia.

Baixo a epígrafe «Escoita e percepción» englobanse aqueles criterios de avaliación e aqueles contidos que se consideraron indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

O bloque de «Interpretación, improvisación e creación escénica» pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. O traballo baseado en proxectos grupais posibilitará descubrir a importancia de actitudes tales como a tolerancia e o respecto, a responsabilidade e o compromiso, así como a valoración da perseveranza necesaria para o dominio técnico de calquera instrumento. Este bloque de criterios de avaliación e contidos favorece no alumnado a posibilidade de sentir e de aprender a música a través da experiencia de ser músico.

Por último, baixo a denominación de «Contextos e culturas», preténdese unha aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres coma por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

O desenvolvemento competencial da materia focaliza a adquisición dos contidos partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escoita activa de diferentes propostas artísticas.

En virtude de mellorar as capacidades do alumnado, deseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que conteñan os contidos e que, desde unha visión global, permitan a aplicación dos coñecementos adquiridos previamente. A conexión con outras materias é, a priori, máis directa coa de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir ambas as competencias de índole artística.

Con todo, é posible establecer vinculacións co resto das materias do currículo, como por exemplo a relación matemática que subxace nas relacións rítmicas e estruturais, as calidades físicas do son, a relación entre a linguaxe e a música, a simbiose do texto e o idioma coas melodías ou a necesidade de coñecer a historia para entender o porqué das diferentes expresións musicais e dancísticas.

Este curso 2023/24, a materia de Música 3º ESO será impartida polas dúas docentes do departamento; Soledad María Estevez Vila impartirá a materia a 3ºESO A e B e María Natividad Torres Chaves ós alumnos de 3º ESO C, D e E (CGTD).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Música na E. Media.	Nesta unidade traballaremos os seguintes contidos: Introducción, cronoloxía, o Canto Gregoriano, características do Canto Gregoriano, Tipos de C. G, Trovadores e Xogres, nacemento da polifonía e	14	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Música na E. Media.	<p>notación, instrumentos medievales.</p> <p>Linguaxe musical: cualidades do son.</p> <p>Lecturas rítmicas con un valor máximo de duración de corcheas</p> <p>Interpretación musical: dúas pezas profanas da Idade Media (flautas e material orff).</p>	14	12	X		
2	A Música no Renacemento.	<p>Nesta unidade traballaremos os seguintes contidos:</p> <p>Introducción, cronoloxía, características, formas musicais vocais (relixiosas e profanas) da época, música instrumental, formas instrumentais, principais instrumentos do Renacemento e a danza nesa época.</p> <p>Linguaxe musical: intervalos, tipos de intervalos, alteracións e tipos, armonía (consonancia e disonancia) acordes triadas en estado fundamental, textura e tipos.</p> <p>Lecturas rítmicas con un valor máximo de duración de corcheas con síncoas, ligaduras, puntillo...(añádase un pouco mais de complexidade rítmica da que se tratou na unidade anterior).</p> <p>Interpretación musical: dúas pezas profanas do Renacemento (flautas e material orff).</p> <p>Interpretación dancística: unha danza sinxela do Renacemento.</p>	15	12	X		
3	A Música no Barroco (A).	<p>Nesta unidade traballaremos os seguintes contidos:</p> <p>Introducción, cronoloxía, características, música vocal (profana e relixiosa), formas, música instrumental e as súas formas, os principais instrumentos Barrocos e a danza barroca.</p> <p>Linguaxe musical: voces e instrumentos musicais e a súa clasificación, (cordófonos, aerófonos, membranófonos idiófonos e electrófonos). Agrupacións vocais,</p> <p>Linguaxe musical: escalas diatónicas,</p>	7	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A Música no Barroco (A).	<p>cromáticas, pentatónicas e de blues. Graos da escala.</p> <p>Lecturas rítmicas con un valor máximo de duración de semicorcheas con síncopas, ligaduras, puntillo...(añádase un pouco mais de complexidade rítmica da que se tratou nas unidades anteriores).</p> <p>Interpretación instrumental: un arranxo para flautas a varias voces dunha peza barroca.</p>	7	6	X		
4	A Música no Barroco (B).	<p>Nesta unidade traballaremos os seguintes contidos:</p> <p>Introdución, cronoloxía, características, música vocal (profana e relixiosa), formas, música instrumental e as súas formas, os principais instrumentos Barrocos e a danza barroca.</p> <p>Linguaxe musical: voces e instrumentos musicais e a súa clasificación, (cordófonos, aerófonos, membranófonos idiófonos e electrófonos). Agrupacións vocais,</p> <p>Linguaxe musical: escalas diatónicas, cromáticas, pentatónicas e de blues. Graos da escala.</p> <p>Lecturas rítmicas con un valor máximo de duración de semicorcheas con síncopas, ligaduras, puntillo...(añádase un pouco mais de complexidade rítmica da que se tratou no trimestre anterior).</p> <p>Interpretación instrumental: un arranxo dunha peza barroca para instrumentos orff.</p>	7	6		X	
5	A Música no Clasicismo.	<p>Nesta unidade traballaremos os seguintes contidos:</p> <p>Introdución, cronoloxía, características, música vocal profana (Ópera e os tipos), música instrumental e as súas formas musicais (Sonata ,Sinfonía e Concerto), a danza no Clasicismo, Minuetto e Ballet D, acción.</p> <p>Linguaxe musical: os instrumentos da orquestra e a súa clasificación.</p> <p>Lecturas rítmicas con un valor máximo de duración de semicorcheas con síncopas,</p>	14	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A Música no Clasicismo.	<p>ligaduras, puntillo...(conservase a complexidade rítmica da unidade anterior).</p> <p>Interpretación instrumental: un arranxo dunha peza clásica para instrumentos orff ou un arranxo a varias voces para flautas e acompañamento de instrumentos de percusión.</p>	14	12		X	
6	A Música no Romanticismo.	<p>Nesta unidade traballaremos os seguintes contidos:</p> <p>Cronoloxía, características, diferencias entre a música Clásica e a romántica, música vocal (Lied e Ópera), música instrumental (o piano, música programática e sinfónica, concerto solista e música Nacionalista). Principais compositores de música nacionalista.</p> <p>Linguaxe musical: a tonalidade e armadura.</p> <p>Lecturas rítmicas con un valor máximo de duración de semicorcheas con sínkopas, ligaduras, puntillo...(incrementarase a complexidade rítmica da unidade anterior).</p> <p>Interpretación instrumental: un arranxo dunha peza romántica para instrumentos orff ou un arranxo a varias voces para flautas e acompañamento de instrumentos de percusión.</p> <p>Improvisación: despois do xa dado nas anteriores unidades chega o momento de animar ao alumno a facer algún tipo de improvisación musical,o alumno ha de ser quen de improvisar un fragmento musical melódico ou un rítmico.</p>	15	12		X	
7	A música no S. XX	<p>Nesta unidade traballaremos os seguintes contidos:</p> <p>Impresionismo (Claude Debussy e Maurice Ravel, características da música Impresionista, Expresionismo e características, Futurismo, Dadaísmo e Dodecafonismo (primeiros movementos de vangarda), Neoclasicismo, Serialismo, música concreta, electrónica e electroacústica, estocástica e en vivo.</p> <p>Linguaxe musical: repaso dos instrumentos, figuras, notas musicais e</p>	14	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A música no S. XX	<p>compases simples e alteracións.</p> <p>Linguaxe musical: a tonalidade e armadura.</p> <p>Lecturas rítmicas con un valor máximo de duración de semicorcheas con sínkopas, ligaduras, puntillo...(conservase a complexidade rítmica da unidade anterior).</p> <p>Interpretación instrumental: un arranxo dunha peza musical pop para instrumentos orff ou un arranxo a varias voces para flautas e acompañamento de instrumentos de percusión.</p>	14	5			X
8	A música e as novas tecnoloxías e a música tradicional en Galicia.	<p>Nesta unidade traballaremos os seguintes contidos:</p> <p>Grabación e reprodución do son, técnicas de grabación. Informática musical (secuenciadores e editores de partituras). A música en internet.</p> <p>A música tradicional en Galicia (bailes e cantos) formas musicais e os principais instrumentos tradicionais Galegos.</p> <p>Práctica vocal e instrumental: interpretación vocal dunha peza musical do folclore galego con acompañamento instrumental sinxelo.</p>	14	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Música na E. Media.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	É capaz de describir, sexa por escrito ou por medio da expresión verbal, no caso de ser necesario, as características estilísticas fundamentais da Idade Media.	PE	62
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	É capaz de comparar e conectar as características básicas das manifestacións artísticas dadas no tema con outras que xa coñezan.		
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Sabe describir e entender as funcións da música e da danza no contexto da Edade Media.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Utiliza un vocabulario técnico musical aínda que sexa básico, para describir as emocións e sentimentos das audicións.		
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identifica as características culturais e sociais básicas así como os elementos propios da linguaxe musical das obras traballadas na aula do noso patrimonio.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Recoñece as distintas características das manifestacións musicais históricas como orixe das actuais.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñece as características comúns das distintas manifestacións musicais históricas como fundamento das posteriores creacións.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Comprende as diferentes funcións que ten música da Edade Media relacionadas co seu contexto sociocultural.	TI	38
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Demostra lendo unha partitura que é quen de entender os elementos musicais contidos nela.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participa con certo interese nas improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Emprega nas actividades prácticas as técnicas traballadas na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Lee de xeito fluído nas partituras.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpreta as pezas traballadas na aula ante os compañeiros con certa seguridade.		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Entende a necesidade de respetar as normas da planificación e interpretación dunha obra musical como membro dun equipo ou como observador do traballo doutros equipos.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Mostra unha actitude interesada e respetuosa fronte as audicións, interpretacións ou visionamento da calquera peza musical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.

Contidos
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
2	A Música no Renacemento.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	É capaz de describir, sexa por escrito ou por medio da expresión verbal, no caso de que sexa necesario, as características estilísticas fundamentais do Renacemento	PE	57
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Expresa as similitudes, evolución ou relación entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas das obras traballadas na aula (Edade Media e Renacemento).		
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Sabe describir e entender as funcións da música e da danza no contexto do Renacemento.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Utiliza un vocabulario técnico musical básico, para describir as emocións e sentimentos das audicións.		
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificaras características culturais e sociais básicas así como os elementos propios da linguaxe musical das obras traballadas na aula do noso patrimonio.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Recoñece as distintas características das manifestacións musicais históricas como orixe das actuais.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñece as características comúns das distintas manifestacións musicais históricas como fundamento das posteriores creacións.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Comprende as diferentes funcións que ten música do Renacemento relacionadas co seu contexto sociocultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	É quen de ler e entender a información das partituras propostas.	TI	43
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participa con certo interese nas improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Emprega nas actividades prácticas as técnicas traballadas na aula.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Lee de xeito fluído nas partituras.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpreta con certa seguridade as pezas na aula.		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participa respetando as normas da planificación e interpretación dunha obra musical, como membro dun equipo ou como observador do traballo doutros equipos,		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Mostrar unha actitude interesada e respetuosa fronte as audicións, interpretacións ou visionamento da calquera peza musical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
3	A Música no Barroco (A).	6

Trataranse de distintas probas:

- Para determinar o nivel de coñecementos con probas de pregunta e resposta.
- As destrezas na lectura musical.
- As súas habilidades psicomotrices coa realización de exercicios rítmicos ou percusión corporal.
- A capacidade auditiva mediante audicións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	15	7	7	14	15	14	14	100
Proba escrita	62	57	57	63	62	61	60	63	61
Táboa de indicadores	38	43	43	37	38	39	40	37	39

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación

- Proba escrita: 50%. Instrumento de avaliación: proba obxectiva sobre os contidos impartidos durante o trimestre. Dita proba será puntuada de 1 a 10 puntos.
 - Práctica vogal/instrumental: 40%. Instrumento de avaliación: proba práctica(rúbrica). Probas de práctica instrumental con instrumentos Orff (láminas) e fruta.Tocaránse unha ou varias pezas en cada avaliación, farase a media arimética da nota obtida nas pezas interpretadas.
 - Probas de lectura musical (solfeo) e ritmos. Interpretaránse exercicios de lectura rítmico- melódica cada avaliación, farase a media arimética da nota obtida nas pezas interpretadas.
 - Participación, traballo de clase/casa: 10%.
- Instrumento de avaliación: observación sistemática, diario de clase, lista de cotexo.

A nota de cada avaliación obterase de facer a suma dos tres apartados coas súas porcentaxes correspondentes (50% parte teórica, 40% parte práctica, 10% esforzo diario e rendemento). O aprobado estará no 5.

Criterios de recuperación:

1. **O Departamento** daralle ao alumnado que suspenda a avaliación a oportunidade de facer unha proba de recuperación na seguinte avaliación, e dicir, se suspenden a 1ª avaliación disporán dunha proba para recuperala na 2ª; si suspende a 2ª avaliación terán a mesma opción na terceira; si a avaliación suspenda é a 3ª terá a oportunidade de facer unha proba de recuperación antes da avaliación final.

2. Aqueles alumnos que lles quedase en xuño algunha avaliación suspenda ,despois de facer as xa mencionadas por cada avaliación, terán a opción de facer unha última recuperación previa a avaliación final.

3. Calquera das recuperacións faránse soamente das partes suspensas sexan estas teóricas ou prácticas.

4. A nota da avaliación final de Xuño obterase da media aritmética obtida das tres avaliacións, seleccionando a nota das avaliacións máis alta, sexa esta a da recuperación ou a propia da avaliación. O resultado de dita media ten que dar como resultado 5 como mínimo para superar a materia en dita avaliación ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1. O Departamento ten contemplado a realización de probas para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior.

2. Repartirase os contidos teóricos mínimos en dúas partes e faránse dous exames ao longo do curso a determinar pola CCP, normalmente adoitan ser o primeiro exame en xaneiro e o segundo en abril. No caso de non aprobar así, faráse tamén un exame final en maio, no cal poderán recuperar os dous exames anteriores ou a parte que teñan suspensa.

3. Nesas probas os alumnos que teñan a materia pendente de 2ºESO non farán a proba de interpretación instrumental, xa que en 3º ESO, seguirán cursando a materia de música de maneira obrigatoria, e farán exames prácticos de interpretación instrumental e lectura musical, que nos servirán para avaliar esa parte, que contará un 40% da nota final. Sí terán que facer as probas teóricas dos contidos do nivel pendente (neste caso 2º ESO) que contará 60% da nota final.

4- Durante o mes de setembro o xefe/a de Departamento encargaráse de explicarlles ao alumnado de pendentes o plan de traballo para conseguir, cos diferentes boletíns de traballo e exames de recuperación, acadar os obxectivos fixados.

A supervisión de este alumnado será en 1ª instancia polo profesor/a que lles imparta clase. Será este quen deberá trasladarlle ao xefe de Dpto. a evolución destes alumnos nas clases (a valoración da parte práctica será a avaliada nas clases de 3º de ESO). Ademais, se os alumnos o requiren, deberá aclarar as dúbidas que o alumnado coa materia pendente lle expoña.

O xefe do Departamento encargárase de poñer a disposición deste alumnado o material necesario para preparar as probas teóricas e de poder darlles a coñecer as datas dos exames. O xefe do Dpto. reunirse con este alumnado cando o crea necesario.

Os exames, (dous parciais e/ou final) segundo o calendario proposto pola CCP.

6. Medidas de atención á diversidade

O Departamento manterase en contacto co Dpto. de Orientación para facer seguimento do alumnado con dificultades.

Esta materia é fundamentalmente práctica, polo que faremos seguimento e reforzo ao alumnado con dificultades practicando os contidos (movemento, percusión corporal, seguimento rítmico, práctica instrumental...) máis tempo con eles. Comprobaremos na aula que entenden os contidos e farase seguimento de que traen o material necesario.

Ao alumnado con diagnóstico concreto se lle aplicarán as recomendacións dos correspondentes protocolos e do Dpto.

de orientación.

Calquera outra dificultade que se presente, será consultada sempre coa Orientadora, falarase co titor/a e para coordinar a conveniencia ou non de adoptar medidas comúns todo o equipo educativo. Se fose necesario faranse adaptacións curriculares.

Procederemos do mesmo xeito no caso de alumnado de incorporación tardía ou inmigrante. Nestes casos, o traballo común do equipo con orientación e titoría é fundamental. Será estudado e abordado cada caso en concreto.

Así e todo, estas son as recomendacións do Departamento de Música para proceder co alumnado estranxeiro:

MEDIDAS DE ACTUACIÓN PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO:

Darlle ao alumno/a unhas pautas de traballo e normas de convivencia e comportamento.

- Debemos darlle un bo modelo lingüístico e, polo tanto, non falar xesticulando ou subindo demasiado a voz; facer frases sinxelas, pronunciando con claridade, tentando non alterar as frases para facilitarlle a comprensión.

- Suplir coa linguaxe da música (internacional) aqueles inconvintes que se podan subsanar de este xeito.

- Colaborar na pronuncia; cambiar o "mal dito" polo correcto, de xeito que poida aprender por imitación, poñendo coidado en non cortar a comunicación.

- É importante falar co novo alumno/a, facendo un esforzo por entendela e que se faga entender, procurando que tamén se esforce, sen traducirlle todo.

- Interpretar os silencios coma un proceso natural.

-Aceptar os frecuentes cambios de estado de ánimo e de ritmo de traballo, motivados pola adaptación á nova vida escolar.

- É posible que o alumno/a teña necesidade de sentirse comprendido e apoiado/a. Quere entender, traballar e participar dunha forma normalizada e non sempre é capaz.

Axudala/o a entender as tarefas escolares que ten que facer.

- Orientala/o sobre: horarios, material de traballo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre sexos e igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Capacidade de relación interpersoal	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Fortalecer as capacidades afectivas para mellorar unha relación cívica na sociedade, aprendendo a identificar e rexeitar a violencia e os prexuízos de calquera tipo e resolver conflitos dun xeito pacífico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Actuar con responsabilidade, coñecendo os seus dereitos e deberes na sociedade, actuando con tolerancia e fomentando a cooperación e a solidariedade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Valorar a importancia de observar as normas comúns na comunidade escolar, elemento chave para a interiorización e cumprimento fóra do entorno escolar, dos preceptos morais establecidos na nosa sociedade ou a normativa en materia de seguridade vial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condicións necesarias para a futura convivencia dentro e fora do ámbito académico-laboral e como medio de desenvolvemento persoal.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A maioría dos elementos transversais trállanse en todas as unidades xa que en todas se fan actividades en conxunto de práctica instrumental, vocal ou de danza.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a algún tipo de concerto	Dependo da xestión da actividade poderá ser solo de escoita ou interactivo (con actividades para o alumnado)	X	X	X

Observacións:

Na medida das posibilidades de xestión de tempos do centro intentarase facer algún concerto escolar no auditorio do IES e colaborar noutras actividades si se cree oportuno.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización.
2. Secuenciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.
9. Dase un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse axeitadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Metodoloxía empregada
3. Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
4. Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
5. Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Medidas de atención á diversidade
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Clima de traballo na aula
6. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
Outros
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO
INDICADORES DE LOGRO PARA A PRÁCTICA DOCENTE:

Descrición:

Os indicadores de logro avaliaranse cunha escala que utiliza os seguintes valores: nunca, poucas veces, frecuentemente, case sempre e sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao longo do curso farase un seguimento mensual da programación didáctica, e da súa temporalización nas actas do Departamento para poder adaptarse á realidade da aula.

Ademáis, debe existir unha uniformidade, nos contidos, as actividades, o ritmo de traballo, etc. na mesma asignatura en cursos diferentes do mesmo nivel.

Realizar o seguimento do cumprimento da programación permitirá:

- Establecer as medidas correctoras que a avaliación indica.
- Establecer mecanismos de coordinación para evitar discrepancias nos contidos impartidos e a súa avaliación, nos distintos cursos de música do mesmo nivel.

Así mesmo, ó final de curso, na memoria do Departamento, farase unha valoración dos resultados acadados en cada curso e das posibles dificultades atopadas.

O ritmo de aprendizaxe de cada grupo será o factor que nos marque o grao de desenvolvemento da programación e das medidas a tomar para o seu mellor aproveitamento. Farase polo tanto, unha revisión da programación, dos seus contidos, procedementos, secuenciación, temporalización, etc., en función dos resultados obtidos, das dificultades atopadas no seu desenvolvemento e dos cambios feitos ó longo do curso. As conclusións desta revisión teranse en conta na programación do curso seguinte.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Ámbito lingüístico social	3º ESO	12	420

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	56
4.2. Materiais e recursos didácticos	57
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	58
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	58
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	60
6. Medidas de atención á diversidade	61
7.1. Concreción dos elementos transversais	62
7.2. Actividades complementarias	62
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	63
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	64
9. Outros apartados	64

1. Introducción

O presente Programa de Diversificación Curricular para o Ámbito Lingüístico e Social está dirixido aos alumnos e alumnas que, por diversos motivos, presentan problemas de aprendizaxe, con resultados académicos inferiores aos desexables e que están expostos ao fracaso escolar de seguir dentro do programa ordinario.

O obxectivo fundamental deste Programa é dar respostas ás necesidades educativas que estes alumnos e alumnas teñen, cun seguimento e unha atención máis individualizada, e garantir que poidan acadar os obxectivos finais de etapa, para poder incorporarse á vida social dotándoos dos instrumentos que lles permitan comprender os procesos sociais, opinar e intervir de forma crítica nos acontecementos da vida cotiá, gozar da cultura social e acceder a estudos posteriores.

Este Programa será flexible: haberá que adaptar os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais, e mesmo os obxectivos, se procede, ás súas necesidades reais, ós seus intereses e expectativas, ademais de ás súas capacidades e ritmo de aprendizaxe.

O Programa de Diversificación Curricular no Ámbito Lingüístico e Social integra os coñecementos das distintas áreas que conforman este Ámbito: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Ciencias Sociais (Xeografía, Historia e Historia da Arte). Incorporárase tamén a materia de Lingua Inglesa.

Sen embargo, non se trata de facer unha síntese dos contidos destas tres áreas, senón que se pretende dotar os alumnos dunhas capacidades globais que lles permitan interpretar e resolver situacións e problemas do noso mundo e do noso tempo.

Con respecto a metodoloxía, procuraremos estimular a indagación persoal e o intercambio fluído de opinións. Dado que a falta de hábito e técnicas de estudo, a desmotivación e, sobre todo, a escasa autoestima persoal, soen estar no cerne da problemática do alumnado que accede á este Programa, procuramos un clima de aprendizaxe afectivo e non excesivamente formalizado.

A lingua vehicular no ensino-aprendizaxe deste Programa será a lingua galega, sen que isto sexa un impedimento para acadar os obxectivos marcados no PPC e na Programación de Etapa, isto é, o desenvolvemento das capacidades lingüísticocomunicativas do alumnado nas dúas linguas: castelá e galega.

O obxectivo principal será o de perfeccionar as destrezas lingüísticas básicas (escoitar, falar, ler e escribir) afianzando o coñecemento da norma das dúas linguas e a súa adecuada materialización en situación comunicativas diferenciadas. A primeira intención será desenvolver a capacidade de uso da lingua galega e castelá como instrumentos de comunicación na súa vertente comprensiva e 5 expresiva, que permitan aos alumnos e alumnas aprender a analizar problemas, organizar información, elaborar proxectos e tomar decisións. As aportacións da Área de Ciencias Sociais han de contribuír a que o alumnado comprenda, reflexione e asuma criticamente os problemas do mundo actual e, en particular os do seu entorno inmediato: problemas que xorden das interaccións que as sociedades manteñen co seu territorio entre si, e aqueles que teñen que ver cos antecedentes e a memoria histórica da nosa sociedade. Por outro lado, a aprendizaxe de linguas estranxeiras contribúe grandemente ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado, permitíndolle coñecer novas culturas e ampliar os seus horizontes, comunicarse con xentes doutros países e acceder a novas fontes de información. No mundo globalizado de hoxe en día, no que inglés é a «lingua franca» nos ámbitos empresarial e académico, o seu coñecemento é unha necesidade para todos os mozos e mozas que non desexen ver severamente minguadas as súas oportunidades de desenvolvemento académico e profesional por unha competencia comunicativa insuficiente nesta lingua.

Como consecuencia, o obxectivo fundamental desta Programación de Diversificación Curricular no Ámbito Lingüístico e Social é a formación de persoas e cidadáns informados /-as, capaces de interpretar a realidade social de forma reflexiva e crítica, e de comunicarse e relacionarse cos demais empregando os códigos da cultura social correctamente.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar e comprender a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas, das manifestacións culturais e dos bens patrimoniais materiais e inmateriais que compartimos, analizando as súas orixes e evolución e identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, os problemas actuais e os seus valores presentes, para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o desenvolvemento da sociedade.	1-2-3		5	1-2-3	1-3	1-4	1	1-2-3
OBX2 - Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e das comunidades locais, destacando a contribución do Estado, as súas institucións e as entidades sociais á paz, á cooperación internacional, á cohesión social, á solidariedade territorial, ao desenvolvemento sustentable e á cidadanía global con base nos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto no que se recoñeza a conformación dunha realidade multicultural e se valore a contribución dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión evitando discriminacións e violencias.	1-2-3		1	1-2-3	1-3	2-3-4	1-3	3
OBX3 - Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas en que se manifestan, para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios.	1-2-5	3	1	1-2-3	1-3	2-3-4	2	1-3
OBX4 - Comunicar en lingua castelá e galega de maneira cooperativa e respectuosa, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e á súa adecuación a diferentes ámbitos e contextos, para dar resposta a necesidades concretas	1-2-4-5	1-2-3	1-4	1-2-3-4-5	1-2-3-4	1-3	1-3	1-2
OBX5 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á par que respectuoso coa propiedade intelectual.	1-2-3-5	1-3	2	1-2-3-4-5	4	3	1-3	2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Ler, interpretar e valorar fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos co fin de conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozar da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4-5	1-2-3	1	1	1	1-3	1-3	1-2-3-4
OBX7 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	1-2-3	2-4	2-3	4-5	1-3-4	1-3	1-2-3
OBX8 - Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX9 - Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5			2
OBX10 - Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1	3	3	3		
OBX11 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3	1-3		1
OBX12 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.		2	1	2	1-5			

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Un programa de radio	Dedicarase esta unidade a: 1. Comunicación : Lectura ("A súa Voz" Xosé A. Perozo. Tipoloxía textual (Os textos. O texto oral. Medios de comunicación: a radio. 2. Lingua e Literatura Galega: Gramática (O substantivo. O adxectivo). Ortografía (O alfabeto). Léxico (lexemas e morfemas. Literatura (Definición. Os xéneros literarios) 3. Ciencias S.:O planeta Terra. Espazos xeográficos naturais do mundo, de España e de Galicia. Clima e vexetación. 4. Lengua y Literatura Castellana: Gramática (susstantivo, adxectivo, determinante, pronombre). Ortografía (Fonoloxía y ortografía. Sonidos y letras. La entonación) Léxico (El léxico . Formación de palabras). 5. Lingua Inglesa: vocabulario, gramática e práctica das catro destrezas básicas relacionado con actividades de tempo libre, gustos, preferencias e rutinas.	16	70	X		
2	Os xornais	Dedicarase esta unidade a: 1. Comunicación : Lectura ("La juventud y el periodismo" Larra. "Una historia por palabras" Jardiel Poncela. Tipoloxía textual (A comunicación escrita. A prensa). 2. LeLG: Gramática (Os determinantes). Ortografía (A sílaba. Acentuación). Léxico (Clases de palabras segundo a súa morfoloxía: simples, derivadas, compostas. As familias Léxicas). Literatura (Definición. Lírica medieval. A Cantiga de amor). 3. CS.: A poboación: estudo, distribución, evolución movementos migratorios. A poboación española e galega. 4. LyLC: Gramática (verbo, adverbio, preposición, conjunción e interxección). Ortografía (Acortar palabras) Léxico (El léxico . Formación de palabras). Literatura (La literatura medieval. El mester de juglaría. El mester de Clerecía. La cuentística medieval). 5. L. Inglesa: vocab., gramát. e práctica das 4 destrezas básicas sobre características persoais, artigos de revista, entrevistas e	16	70	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Os xornais	dar a nosa opinión.	16	70	X		
3	Un programa de televisión	<p>Dedicarase esta unidade a:</p> <p>1. Comunicación : Lectura ("Ruído" Miguel A. Murado. Tipoloxía textual (A linguaxe icónica. A televisión).</p> <p>2. Lingua e Literatura Galega: Gramática (O pronome persoal). Ortografía (Acentuación. til diacrítico). Léxico (As relacións semánticas). Literatura (As Cantigas de amigo, escarnio e maldecir. Cantigas de Santa María. Prosa medieval).</p> <p>3. Ciencias S.: Organización política das sociedades (O estado. Réximes políticos. Estados do mundo. Unión Europea. Organización política e administrativa de España e de Galicia).</p> <p>4. Lengua y Literatura Castellana: Gramática (Los sintagmas. La oración. El análisis morfosintáctico). Ortografía (La tilde). Léxico (Significado de las palabras. Manejo del diccionario. Monosemia y homonimia). Literatura (Lírica popular, lírica culta y teatro en la Edad Media).</p> <p>5. Lingua Inglesa: vocabulario, gramática e práctica das catro destezas básicas relacionado con habilidades persoais, facer comentarios e pedir información.</p>	16	70		X	
4	Unha viaxe en tren	<p>Dedicarase esta unidade a:</p> <p>1. Comunicación : Lectura ("El andén de nieve" Carlos Castán." La poesía del tren" Azorín. Tipoloxía textual (Textos narrativos, dialogados e descritivos).</p> <p>2. LeLG: Gramática (O verbo 1l). Ortografía (Uso das grafías b, v, c, z, q, h). Léxico (Voces patrimoniais, semicultismos e cultismos 1, neoloxismos). Literatura (Os séculos escuros e os precursores. O Rexurdimento).</p> <p>3. CS.: Actividades económicas dos sectores 1º, 2º e 3º. Actividades económicas en España e en Galicia).</p> <p>4. LyLC: Gramática (Complementos verbales 1: atributo, complemento predicativo, complemento directo e indirecto). Ortografía (Uso de las letras b, v, c, q, k y z). Léxico (Significado de las palabras: sinonimia y antonimia. Campos semánticos y familias léxicas. Denotación y connotación). Literatura (Lírica, narrativa y teatro en el Renac.).</p> <p>5. L. Inglesa: vocabulario, gramática e práctica das catro destezas básicas relacionado con viaxes e medios de transporte.</p>	16	70		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Cidadáns do mundo	Dedicarase esta unidade a: 1. Comunicación : Lectura ("Os alpinistas do monte Gurugú" Rosa Aneiros.". Tipoloxía textual (Textos expositivos e explicativos). 2. Lingua e Literatura Galega: Gramática (O verbo 2. As perífrases verbais). Ortografía (Uso das grafías c, cc, ct,r, rr, x). Léxico (Voces patrimoniais, semicultismos, cultismos 2). Literatura (Rosalía de Castro). 3. Ciencias S.: A Globalización. Desenvolvemento e subdesenvolvemento. As desigualdades no mundo. Organismos internacionais e políticas de cooperación). 4. Lengua y Literatura Castellana: Gramática (Los complementos verbales 2: complemento circunstancial. Complemento preposicional de régimen. La oración pasiva). Ortografía (Uso de las letras h, ll, y,,g, j, y x). Literatura (Miguel de Cervantes. El S. XVII. El Barroco. Lírica y teatro). 5. Lingua Inglesa: vocabulario, gramática e práctica das catro destezas básicas relacionado con ciencia, inventos e artigos en liña.	18	70			X
6	Un día ao aire libre	Dedicarase esta unidade a: 1. Comunicación : Lectura ("Mi querida bicicleta" Miguel Delibes. Tipoloxía textual (Textos formais). 2. LeLG: Gramática (Preposición e locucións preposicionais. Adverbio e locución adverbial. Conxuncións e locucións conxuntivas). Ortografía (Puntuación). Léxico (As linguas da Península Ibérica). Literatura (Curros Enríquez. Pondal). 3. CS.: A explotación do medio natural. Problemas medioambientais. Medidas protectoras do medio. Desenvolvemento sostible. Problemas medioambientais en España e Galicia. Desenvolvemento sostible en España e Galicia). 4. LyLC: Gramática (La oración compuesta. Funciones semánticas de la oración. El texto como unidad lingüística). Ortografía (Los signos de Puntuación). Léxico (Variedades de la lengua). Literatura (El siglo XVIII. La Ilustración. Poesía, prosa y teatro). 5. L. Inglesa: vocabulario, gramática e práctica das catro destezas básicas relacionado con saúde e benestar, actividades ao aire libre e dar consellos.	18	70			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Un programa de radio	70

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os elementos da contorna física e humana e comprender o seu funcionamento e analizar as súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Identifica os elementos da contorna física e humana e comprender o seu funcionamento.		
CA3.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.	Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais		
CA3.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con certa precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos.	PE	50
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con unha precisión léxica aceptable e corrección ortográfica e gramatical.		
CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extrae e analiza o sentido global e as ideas principais de textos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos usando fontes fiables do presente e da historia contemporánea e xerar produtos orixinais e creativos como proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, como a interpretación de imaxes, e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos.	Elabora contidos con certa coherencia sobre xeografía e historia en distintos formatos como resumos, esquemas, enumeracións... empregando mapas, eixes cronolóxicos e outras representacións gráficas.		
CA2.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece e valora as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais.		
CA2.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identifica e cuestiona prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.	TI	50
CA2.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e evitar os usos discriminatorios da lingua e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA2.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos.		
CA2.5 - Aceptar e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Acepta e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais sinxelos avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais de certa extensión sobre diferentes temas axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos utilizando recursos verbais e non verbais.		
CA3.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e formais con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA3.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica, redacta e revisa a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle		
CA3.7 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelabora e comunica de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información procedente de distintas fontes e organízala en esquemas propios, adoptando un punto de vista crítico.		
CA3.8 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación sobre diferentes temas.		
CA3.9 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa, identifica e soluciona problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA3.10 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.		
CA4.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura.	Lee de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixa constancia do progreso do propio itinerario lector.		
CA4.5 - Compartir a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Comparte a experiencia de lectura en soportes diversos		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo a configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establece vínculos argumentados entre diferentes textos.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa, fai propostas de mellora e identifica e soluciona algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formula xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Retos do mundo actual. - Procura de información en contornas dixitais e uso específico de léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico e elaboración de traballos ou proxectos nos que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes. - O comentario de documentos escritos e gráficos. Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes temas que se abordan no curso. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. - Compromiso cívico e social. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España, con especial atención ao galego e ao castelán. - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión e creación de secuencias textuais básicas con especial atención ás expositivas. - Emprego correcto das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade. O ciberanzol. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos - Procesos de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. - Produción oral formal. Planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.

Contidos

- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminitorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Producción escrita. Planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Alfabetización informacional.
- Busca e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Fontes de información: criterios de procura e selección de información fiable, pertinente e de calidade.
- Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
- Estratexias de procura e selección de información.
- Análise dos riscos e consecuencias da manipulación e da desinformación.
- Estratexias de organización da información: a escritura como mecanismo para organizar o pensamento (notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos).
- Achegamento ao emprego correcto do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.
- Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información, como para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Identificación e emprego de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma.
- Expresión, a través de modelos, da experiencia lectora e de diferentes formas de apropiación e recreación dos textos lidos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado dos textos escritos en lingua castelá atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua galega atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Lectura guiada.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español a partir da Idade Media ata o século XVIII.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego dende a Idade Media ata o século XIX.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal da Idade Media ata o século XVIII.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións ou conversacións literarias, debates e disertacións literarias.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par

Contidos

- Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega e lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, co
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo, entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previstas no perfil de saída, e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.

2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da materia lles custa máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para assimilar as explicacións (por exemplo, algún recreo á semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual					X			

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora	X		
ET.2 - Creatividade	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X		
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente nas unidades 1-9 a través dos textos para analizar aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase en todas as unidades a través da interpretación musical e dancística, a creación e uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase en todas as unidades a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial en todas as unidades. Actividades que implican creación e interpretación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: unidades 2-10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 1-9. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable .
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Todas as unidades. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: unidades 1-9. A través da redacción de textos explicativos da análise de audicións ou partituras, traballos de investigación e de exposición oral.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 5, 9, 10 e 11 a través da creación de proxectos audiovisuais con ferramentas dixitais, gravación e edición de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global. Coa edición de partituras.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia como público a concertos didácticos	Propiciarase a asistencia do grupo a concerto/s didáctico/s tanto no Centro como fóra, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo. Dependendo da xestión da actividade poderá ser só de escoita ou interactivo(con actividades para o alumnado).	X	X	X

Observacións:

Outras actividades relacionadas coa nosa materia, que xurdan ao longo do curso, as notificaremos a Vicedirección para a súa aprobación e autorización polo Consello Escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización.
2. Secuenciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.
10. Valorouse axeitadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Metodoloxía empregada
3. Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
4. Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
5. Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Medidas de atención á diversidade
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
6. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
9. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
Outros
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO
INDICADORES DE LOGRO PARA A PRÁCTICA DOCENTE:

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente a información necesaria para reformalas. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final de curso.

Os indicadores de logro anteriores, avalíaranse cunha escala que utiliza os seguintes valores: nunca, poucas veces, frecuentemente, case sempre e sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación e propostas de mellora utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase mensual e trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Análise musical II	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A materia de Análise Musical proporciállle ao alumnado unha formación que lle permite desenvolver as súas habilidades perceptivas para identificar os elementos que forman parte das obras musicais e, a partir de aí, profundar na súa comprensión global. Isto implica examinalas dende un punto de vista crítico e estético, establecendo relacións entre a proposta musical e o contexto histórico-social no que foi creada. Ademais, a materia permite descubrir aspectos relacionados coa incidencia da música no oínte e a súa utilización como medio terapéutico ou o seu uso en combinación con outras manifestacións artísticas.

A materia, que supón unha continuación e unha especialización dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos durante as etapas educativas anteriores, estrutúrase en dous cursos. No primeiro, establécense as bases para o coñecemento dos elementos da análise musical, da forma musical e dos principios compositivos fundamentais. No segundo, profúndase nesas aprendizaxes e introdúcense aspectos histórico-estéticos.

A través da escoita activa e do estudo de partituras, o alumnado da materia de Análise Musical identifica as características de diferentes obras, podendo establecer relacións entre os seus elementos. Neste proceso analítico familiarízase, por unha banda, con procedementos compositivos tales como a repetición, a variación, a imitación ou o desenvolvemento e, por outra, coa identificación dos trazos estilísticos que permiten asociar as obras cun autor ou autora, un xénero ou un contexto musical determinado. O feito de aprender a analizar unha proposta musical non só lle permite ao alumnado aproximarse ao procedemento e aos mecanismos de deconstrución dunha obra, senón que o dota das ferramentas necesarias para comprender o conxunto da proposta e saber utilizar, en diferentes contextos, os elementos que a conforman.

Así mesmo, a partir dese proceso de análise, o alumnado pode expresar unha opinión fundamentada a través de recensións, comentarios ou críticas musicais, utilizando un vocabulario adecuado e difundindo o resultado a través de diversos medios, analóxicos e dixitais, respectando os dereitos de autor e a propiedade intelectual.

A interiorización das aprendizaxes da materia, a partir do recoñecemento e a reprodución de patróns musicais, xa sexan melódicos, rítmicos, harmónicos ou formais, permítelle ao alumnado contar con recursos aplicables a procesos de creación ou improvisación de obras sinxelas, xerando novas ideas sonoras. No seu desenvolvemento, préstase especial atención, por unha banda, ás posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais destinadas á composición musical e, por outra, aos beneficios educativos derivados da organización de proxectos creativos grupais nos que o alumnado planifica, achega ideas, respecta as opinións dos demais e asume diferentes funcións.

Completa a materia o descubrimento dos usos que se fan da música para, de forma consciente, influír no oínte, xa sexa con fins terapéuticos ou con outra funcionalidade vinculada á súa utilización en ámbitos non estritamente musicais.

Todas estas aprendizaxes organízanse ao redor de cinco obxectivos que foron deseñados a partir das competencias clave do bacharelato e dos obxectivos da etapa. Eses obxectivos permiten que o alumnado aplique procesos de análise musical para descubrir, comprender e utilizar a música como medio de expresión, desenvolver un espírito crítico e coñecer a súa incidencia no ser humano.

Os criterios de avaliación formuláronse tendo en conta os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretende que alcance o alumnado, coa finalidade de determinar o nivel de logro dos obxectivos cos que se relacionan.

Os criterios de avaliación e os contidos estrutúranse en catro bloques que se reparten entre os dous cursos nos que se imparte a materia. No primeiro curso, os bloques de contidos refírense á análise musical e á forma musical. O bloque de «Iniciación á análise musical» céntrase na aplicación da escoita activa e o estudo de partituras para recoñecer os elementos da música e a relación que existe entre eles dentro do discurso musical. Ademais, inclúense aspectos relativos ao uso de recursos dixitais para a elaboración de recensións e a difusión musical. O segundo bloque, «A forma musical», aglutina aqueles contidos referentes aos diferentes elementos estruturais, formas musicais básicas, procedementos compositivos e funcións da música en vinculación con outras manifestacións artísticas.

No segundo curso, inclúense dous bloques de criterios de avaliación e contidos que abordan as técnicas de análises e os xéneros musicais. No que leva por título «Técnicas de análise musical», recóllense procedementos útiles para a realización de análises de obras musicais, de comentarios e críticas musicais, así como o uso de recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. Pola súa vez, no bloque denominado «Xéneros musicais», introdúcense criterios de avaliación e contidos relacionados coas características sonoras, formas e xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade, e coa utilización da música con fins terapéuticos.

Na materia de Análise Musical expóranse situacións de aprendizaxe que requiran reflexión e acción, así como unha actitude aberta e colaborativa, coa intención de que o alumnado adquira os instrumentos, técnicas e estratexias necesarias para desenvolver as súas habilidades perceptivas e profundar na comprensión global do feito musical. Estas situacións deben estar vinculadas a contextos reais que favorezan unha aprendizaxe significativa, e han de permitir a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes que o alumnado poida aplicar fóra da contorna da

aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar os elementos musicais de diferentes obras, utilizando a escoita activa e o estudo de partituras, para describir as súas características e establecer comparacións.	2				50	1		1-2
OBX2 - Establecer relacións entre os elementos musicais dunha composición, a través da análise da súa estrutura e dos procedementos compositivos utilizados, para asociar a obra cun xénero, un estilo e un contexto de creación.	2			1	40	1		1-2
OBX3 - Elaborar comentarios e críticas musicais sobre as obras analizadas, utilizando unha terminoloxía adecuada e consultando distintas fontes de información, para expresar xuízos persoais fundamentados e contribuír á difusión do patrimonio musical a través dos medios dispoñibles.	1			3	40	1	3	31
OBX4 - Utilizar os procedementos compositivos fundamentais e as tecnoloxías dixitais, empregando os elementos e as estruturas musicais máis adecuadas, para crear obras sinxelas e realizar improvisacións.	1		1	3	31-32		3	31-32
OBX5 - Investigar sobre os usos da música con fins terapéuticos e en combinación con outras formas de expresión artística, utilizando diferentes fontes de información e analizando as características musicais das obras, para entender de que forma inciden determinados trazos musicais na saúde e nas emocións.	3		4	1-3	40			2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Técnicas de análise musical	Técnicas de análises auditivo de obras de diferentes estilos e xéneros. Estratexias de análises dos elementos musicais da partitura con apoio da audición. A escoita	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Técnicas de análise musical	activa e o estudo de partituras como soportes para a análise.	10	12	X		
2	A industria musical	Recensións musicais. Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. Dereitos de autor e propiedade intelectual.	5	10	X		
3	Organoloxía e características dende a Idade Media ata a actualidade.	As características sonoras e estilísticas da música desde a Idade Media ata a actualidade. Evolución organolóxica.	20	24	X	X	X
4	Os xéneros musicais	As formas e os xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade.	20	24	X	X	X
5	A música e as emocións	Usos terapéuticos da música e como inciden determinados trazos musicais na saúde e nas emocións, a partir da información obtida en fontes de información fiables.	5	6	X		
6	Práctica musical	Improvisación, creación e interpretación de estruturas musicais breves para a interiorización dos elementos formais traballados previamente. Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación.	40	40	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Técnicas de análise musical	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	Identificar os elementos da obra musical a través da escoita e con apoio da partitura.	PE	100
CA1.2 - Comparar os elementos constitutivos e as características musicais de diferentes obras, establecendo analoxías e diferenzas entre elas, a partir da escoita activa e do estudo de partituras.	Analizar obras identificando estruturas e procedementos compositivos básicos.		
CA2.1 - Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	Describir cun vocabulario axeitado as características musicais dunha obra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A comparación como técnica analítica. - Técnicas de análises de audición e de partituras. - As formas e os xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade.

UD	Título da UD	Duración
2	A industria musical	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Expresar xuízos persoais sobre as obras analizadas, argumentando a opinión propia e utilizando unha terminoloxía musical adecuada.	Expresar de xeito oral ou escrito xuízos persoais cunha terminoloxía axeitada.	TI	100
CA1.6 - Xustificar a opinión propia sobre as obras analizadas, investigando e seleccionando a información máis pertinente a partir de medios analóxicos e dixitais.	Expresar de xeito oral ou escrito xuízos persoais cunha terminoloxía axeitada.		
CA1.7 - Publicar críticas musicais e comentarios propios nos medios dispoñibles, analóxicos e dixitais, respectando os dereitos de autor e a propiedade intelectual.	Publicar nos medios dixitais ou analóxicos críticas e comentarios musicais.		
CA1.8 - Utilizar, de forma eficaz, as tecnoloxías dixitais na composición musical.	Usar eficazmente os medios dispoñibles na composición musical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comentarios e críticas musicais. - Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. - Dereitos de autor e propiedade intelectual.

UD	Título da UD	Duración
3	Organoloxía e características dende a Idade Media ata a actualidade.	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	Analizar obras musicais con ou sen o apoio de partitura	PE	60
CA1.2 - Comparar os elementos constitutivos e as características musicais de diferentes obras, establecendo analogías e diferenzas entre elas, a partir da escoita activa e do estudo de partituras.	Analizar obras basándose na evolución organolóxicas, con ou sen apoio de partitura.		
CA2.1 - Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	Análise de obras musicais características de cada periodo da historia da música		
CA1.4 - Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	Analizar obras musicais co apoio da partitura	TI	40
CA2.4 - Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	Analizar obras musicais co apoio da partitura		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de análises de audición e de partituras. - Técnicas para a análise do contexto de creación. O pensamento da persoa creadora, os condicionantes contextuais e a interpretación da obra. - As características sonoras e estilísticas da música desde a Idade Media ata a actualidade. Evolución organolóxica.

UD	Título da UD	Duración
4	Os xéneros musicais	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	Analizar obras musicais con ou sen o apoio de partitura	PE	70
CA1.3 - Distinguir os principais xéneros e estilos musicais que se desenvolven na historia, analizando os factores que inciden na evolución das formas musicais.	Distinguir os principais géneros analizando obras con ou sen apoio da partitura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	Identificar de xeito autónomo as características musicais asociadas cun xénero concreto.		
CA2.2 - Distinguir os principais xéneros e estilos musicais que se desenvolven na historia, analizando os factores que inciden na evolución das formas musicais.	Distinguir os principais géneros analizando obras con ou sen apoio da partitura.		
CA1.2 - Comparar os elementos constitutivos e as características musicais de diferentes obras, establecendo analoxías e diferenzas entre elas, a partir da escoita activa e do estudo de partituras.	Analizar obras musicais con ou sen o apoio de partitura	TI	30
CA2.1 - Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	Analizar obras musicais con ou sen o apoio de partitura		
CA2.4 - Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	Analizar obras musicais con ou sen o apoio de partitura		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de análises de audición e de partituras. - Técnicas para a análise do contexto de creación. O pensamento da persoa creadora, os condicionantes contextuais e a interpretación da obra. - As características sonoras e estilísticas da música desde a Idade Media ata a actualidade. Evolución organolóxica. - As formas e os xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade.

UD	Título da UD	Duración
5	A música e as emocións	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	Asociar xéneros musicais a contextos de creación determinados.	TI	100
CA2.5 - Analizar os usos terapéuticos da música e como inciden determinados trazos musicais na saúde e as emocións, a partir da información obtida en fontes de información fiables.	Análizar de xeito claro os usos terapéuticos da música e o seu efecto nas emocións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Describir as características da música que se utiliza con fins terapéuticos, analizando exemplos de obras e relacionando os seus trazos con posibles efectos no oínte.	Describir as características da música usada con fins terapéuticos e relacionándoos ca musicoterapia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para a análise do contexto de creación. O pensamento da persoa creadora, os condicionantes contextuais e a interpretación da obra. - Uso da música con fins terapéuticos.

UD	Título da UD	Duración
6	Práctica musical	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Utilizar, de forma eficaz, as tecnoloxías dixitais na composición musical.	Usar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías dixitais na composición musical.		
CA2.3 - Realizar improvisacións sinxelas ou pequenas composicións, en proxectos musicais grupais, utilizando os procedementos compositivos fundamentais e aplicando patróns melódicos, rítmicos, harmónicos e formais previamente analizados e interiorizados.	Improvisar e xerar novas ideas musicais a partir dos patróns traballados.	TI	100
CA2.6 - Describir as características da música que se utiliza con fins terapéuticos, analizando exemplos de obras e relacionando os seus trazos con posibles efectos no oínte.	Describir características da música que se está interpretar de xeito práctico na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. - Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto. En todas as avaliacións traballaremos como mínimo dous partituras que interpretaremos de forma colectiva, incluso baraxamos a interpretación dalgunha delas no acto de graduación de 2º de bacharelato. Tamén contaremos con metodoloxía de aprendizaxe baseado en proxectos: presentar ó alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a

aplicación das súas propias experiencias.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase unha aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos Orff (Carillóns, Metalófonos, Xilófonos) frautas, instrumentos de percusión.
Aula virtual
Programas de edición de partituras e audio
Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual
Partituras.
Teclado
Proxector, canón, ordenador.
Material de elaboración propia. Apuntamentos facilitados polo profesor/a.
Pizarra con pentagramas.

Os instrumentos utilizaráanse para facer a práctica instrumental.

Na Aula Virtual incluírase o material e as actividades necesarias para o desenrolo dos diferentes contidos da materia.

As partituras utilizaráanse para facer práctica instrumental, análise musical de melodías e práctica de lectura musical. Co teclado, acompañarásen pezas musicais e utilizaráse para facer exercicios de entoación e ditados musicais. Tamén un dos alumnos pode utilizar este instrumento na práctica instrumental.

O proxector, canón e ordenador serán necesarios para visualizar na pantalla da clase videos que axuden á explicación e reforzo dos contidos e para visualizar os materiais colgados na Aula Virtual, apuntamentos, partituras para a práctica musical e de lectura musical.

Os apuntamentos, serán a guía por onde teñen que estudar os contidos que se explicarán na clase.

A pizarra con pentagramas utilizaráse para copiar exercicios con fragmentos de partituras e explicar contidos de linguaxe musical.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non procede.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	20	20	5	40	100
Proba escrita	100	0	60	70	0	0	36
Táboa de indicadores	0	100	40	30	100	100	64

Criterios de cualificación:

- Contidos teóricos: 60% da nota. Instrumento de avaliación: proba obxectiva sobre os contidos impartidos durante o trimestre.
- Práctica instrumental: 40%. Instrumento de avaliación: proba práctica(rúbrica). Probas de práctica instrumental cos instrumentos Orff, frauta e teclado. Tocarase dous ou máis pezas relacionadas cos contidos impartidos en cada avaliación, farase a media aritmética da nota obtida nas pezas interpretadas. Para superar a materia será necesario obter un 5 ou máis. Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8. A nota final será a media das cualificacións finais dos tres trimestres.

Criterios de recuperación:

Ao rematar cada avaliación farase unha recuperación que constará dunha proba escrita sobre os contidos teóricos da materia e unha proba práctica das partituras traballadas na avaliación. Se non se supera a materia na avaliación ordinaria o alumnado terá que presentarse á avaliación extraordinaria con toda a materia para a realización dun exame escrito e así mesmo, unha proba práctica das partituras traballadas ao longo do curso. Para superar a materia será preciso obter un 5 na proba extraordinaria. Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio axeitado a este alumnado, é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber

que parte da asignatura cóstalles máis seguir.

5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X				X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X				
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X				
ET.7 - Educación emocional e en valores		X			X	
ET.8 - Igualdade de xénero		X			X	
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Comprensión lectora: Traballárase principalmente a través dos textos para aprender os contidos teóricos.

Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral.

Creatividade: actividades de práctica instrumental, adaptación de proxectos musicais.

Actividades que implican traballo grupal e controlar o noso propio rol dentro do grupo. .

Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.

Fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a produción musical e dos distintos estilos e xéneros o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo responsable .

Educación emocional e en valores. Actividades grupais nas que é primordial respectar as interpretacións dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un produto conxunto.

Competencia dixital: investigación e consulta de contido na rede, traballo na busca de información fiable e filtrada.

Comunicación audiovisual: Gravación, publicación e distribución dos proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a un concerto	Asistir como público a algún concerto didáctico de música.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Interpretación conxunta	Participar nalgunha actividade do centro interpretando algunha das pezas traballadas durante o curso.	X	X	X

Observacións:

Os alumnos/as de Análise Musical II están moi interesados en asistir xuntos a un concerto da Obra Social A Fundación(Abanca) pero últimamente non ofertan entradas gratuitas para alumnado deste nivel polo que a profesora, todas as semanas que hai concertos na cidade, infórmales e eles asisten pola súa conta.

Por outra banda, os alumnos este ano están moi motivados pola práctica instrumental, o están facendo moi ben e eles están moi entusiastas por darlle a coñecer o resto de compañeiros os seus logros, de tal forma que quizais interpreten no acto de graduación de 2º de bacharelato algunha das obras traballadas durante o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización.
2. Secuenciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
3. Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
4. Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
5. Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Valoruse axeitadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
12. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
16. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
17. Combínase o traballo individual e en equipo.
18. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
19. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
20. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
21. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.

Medidas de atención á diversidade
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
13. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
14. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
15. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
25. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
26. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
6. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
22. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
23. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
9. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
24. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os indicadores de logro anteriores, avaliaranse cunha escala que utiliza os seguintes valores: nunca, poucas veces, frecuentemente, case sempre e sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado. A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados